

Xesús Manuel Valcárcel. *A porta de lume*

Ramiro Fonte

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

RAÑA, ROMÁN. (2011 [1993]). “Xesús Manuel Valcárcel. *A porta de lume*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 182-185. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1303>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

RAÑA, ROMÁN (1993). “Xesús Manuel Valcárcel. *A porta de lume*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1992, 182-185.

* Edición dispoñíbel desde o 19 de outubro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Xesús Manuel Valcárcel. *A porta de lume*
Ferrol: Colección Esquíu

Ramiro Fonte

A traxectoria poética de Xesús M. Valcárcel ten un período formativo que está representado polo interesante poemario de mocidade *Pulsando la ciudad atormentada* (1975), anunciador dun poeta de alento inusual e moi ben dotado para xenerar imaxes arriscadas e convincentes, e polos poemas recollidos no libro colectivo *Cravo fondo* (1977) pero, verdadeiramente, ten o seu punto de partida en *Tránsito* (1984) e prolóngase nos sucesivos *Emaín* (1985) e *Rosa Clandestina* (1988) ata chegar a este *A porta de lume* que é, polo de agora, a última entrega do autor lugués e que lle valeu, ademais, o Premio Esquíu.

Entre os autores que dan a coñecer a súa poética na vizosa década dos oitenta, Xesús M. Valcárcel representa, dun xeito semellante ó do seu irmán Xulio L. Valcárcel, unha ponte entre as últimas avanzadas das poéticas socialrealistas, cultivadas polos poetas mozos dos setenta, e as direccións características dos oitenta. Vexamos que no seu caso a cidade revelábase como metáfora dunha etapa histórica opresiva e non como ese escenario da vida moderna que nos legou Baudelaire. Convén indicar tamén que a poesía que fixo Valcárcel durante os oitenta establece un importante vínculo con Cunqueiro. Así, entre os autores desta etapa, é un dos que máis nidiamente parte do proxecto remitoloxizador que se expresa na última poesía do mindoniense. A procura de escenarios míticos, a utilización de elementos do lexendario, a reconstrución dunha historia persoal en clave de relato épico dotan a este poeta dunha personalidade propia.

Se cadra, unha das características que esencializa a Valcárcel, neste panorama plural e de difícil reordenación, sexa a síntese entre lirismo e épica, moi presente en toda a súa obra. Se, por unha banda, a poética de Valcárcel supón unha teimosa ma-

nifestación do eu e semella arrincar do mundo da vida os contidos temáticos, facendo moitas veces un xeito de biografismo xeracional, pola outra, gusta de deseñar escenarios míticos que poden estar situados en tempos pretéritos (o horizonte arcaizante que tamén se detecta en moitos dos nosos poemas desta xeira) ou, incluso, nas fronteiras do cosmos. Velaí que Valcárcel adoita poñer a proba nalgúns dos seus poemas un léxico científico, infrecuente na nosa poesía de hoxe, ata o punto que unha das súas marcas recoñecibles como poeta é o emprego de linguaxes que semellan proceder do eido da física ou do xénero de ficción científica.

Desde *Rosa Clandestina*, que é o texto máis próximo nos contidos a *A porta de lume*, Xesús Valcárcel diseña os seus libros como un todo, é dicir, o poemático non se comprende senón como parte dun macrotexto totalizador: unha especie de único canto que vai despregando os distintos fragmentos dunha maneira continua. Cada unha destas partes non teñen significado senón polas relacións que establecen entre elas. Resulta curioso que o poeta nos dea indicios deste proxecto nos índices dos libros. Así *A porta de lume* aparece definido no índice, e non antes, como “Libro quinto”. Podería pensarse que o porque desta numeración se acha nos libros anteriores, pero non é así. *Rosa Clandestina* remata no capítulo 7. A única resposta a esta cuestión parece atoparse no simbolismo do número, moi empregado por Valcárcel para deixar na súa poesía supostas pegadas dunha tradición esotérica ou misteriosa. O dominio do fantástico é, ademais, un dos horizontes da poesía de Valcárcel, non en balde foi, na súa narrativa, un dos mellores intérpretes deste xénero na nosa literatura recente. As súas lecturas de August Derleth, Arthur Bradbury ou Lovecraft verten tamén influencia na súa obra poética.

Centrándonos, xa definitivamente, en *A porta de lume* vemos que este subtítulo “Libro quinto” está composto de tres partes que levan os títulos de “Habitantes do interior”, “A medida do tempo” e “Defensa da memoria”. Trátase de configurar entre elas unha especie de libro simbólico, que vai formar parte doutro macrotexto e doutro proxecto maior de Libro. Velaí que os límites dos poemas están sen definir: unicamente nos índices temos resposta a esta cuestión. Tal como comprende Valcárcel a reconstrución do canto ou da saga da memoria, é preciso que cada fragmento se prolongue cara ó seguinte. O mundo da intimidade, o paso do tempo e a memoria que reordena os capítulos vitais póñense ó servizo dese “Libro simbólico” no que semellamos ler unha historia que nos fose contada nun tempo inmemorial. Como se buscasse unha xerarquía misteriosa entre as partes, que se basa á súa vez no emprego recorrente do número, cada unha destas tres subdivídese noutras tres e estas, a súa vez, noutros tres poemas. Pero fixémonos que este xogo co simbolismo dos números unicamente se fai presente nos índices e non no libro que lemos. ¿Esoterismos ou xogo? ¿Ocultación ó lector dunha parte do proxecto como se o libro que lemos non é aquel que o poeta decide escribir? Nun dos poemas máis significativos de *Tránsito*, xa que é este o que abre o libro, dísenos “Para ti escribo, Tvamar HX-AI, para ti/ escribo que pasaches/ a semana pasada (para min) pola/ constelación do cisne”. Este peculiar destinatario da poesía de Valcárcel —co seu nome de robot ou de personaxe de ficción científica— volve aparecer desempeñando o mesmo papel no último poema de *A porta de lume*. Atrévome a dicir que nunca vin semellante ficcionalización do lector como a que nos propón Valcárcel:

*Escribín poesías
para ti, e fun serio
eu, que son de natural mofador e alegre.*

As alusións metapoéticas a este “libro simbólico” están xa explicitadas no segundo fragmento da primeira parte, onde podemos ler:

*Tal como se conta no libro, polo tanto
a viaxe foi feita con traballos e esforzo
polos camiños do interior.*

Estes camiños do interior fannos pensar nunha poesía intimista e, certamente, é o mundo biográfico o que Xesús Valcárcel despreza ó longo deste libro. Este mundo interior e confesional é, sen embargo, exposto a través dun relato fabulador e mítico. Unha das características máis salientables da poesía de Valcárcel é o feito de contar-nos a súa historia persoal como se estivese a elaborar unha lenda ou a facer o relato dun mito que o contista extrae dunha literatura pretérita, arcaica e inmemorial. No texto “A fuxida” vemos isto:

*Traían xerras de viño, que eran de vimbio
e untadas con peixe, e colchas e follas de barbear e aparatos
que servían para medir a soedade e para rizar os cabelos loiros
dourados polo sol, das rapazas.*

*Non tiña medo. Eu refuxieime na serra
coa idea
de ser ladrón e ter un cabalo, como se asegura que fan aqueles
que saen buscar dentro de si a verdade contra o destino ou a montaña
encarnada.*

As virtudes poéticas de Valcárcel áchanse para nós nunha grande capacidade de imaxe e metáfora. A súa é unha poética da desmesura, do paroxismo, manifestada nun versolibrismo que o poeta sostén mediante a enfatización da linguaxe poética e a capacidade xeneradora de imaxes. A exploración que fai de universos oníricos contrasta tamén coa súa capacidade para describir escenas ou paisaxes: o mundo do agro ten unha constante presenza neste libro e, en conxunto, en toda a obra anterior. As descripcións da periferia rural dunha cidade provinciana están moi ben resoltas no mundo que o poeta expresa.

Xesús M. Valcárcel é un poeta dionisiaco e, por dionisiaco, tamén nietzscheano. Nun dos textos do libro, o titulado “As viaxes imaxinarias” escoitamos unha voz profética e bárdica, rota ó final polo atrevemento irónico:

*Quero como o viño transforma o corazón dos homes
e volve xeneroso, contar tamén algunhas
historias que me pasaron
a min
e que tratan propiamente da viaxe, de amor e de heroísmo,
porque eu son dun tempo no que estas referencias estaban ben vistas
e moi educado.*

Fixémonos que nesta poesía está practicamente ausente un ton reflexivo, e Valcárcel nunca baixa a voz para obrigar ó lector a dialogar con ela. A arela de coñecemento maniféstase no emprego de palabras cheas de carga conceptual e filosófica, algunha delas coincidente coa linguaxe do existencialismo: ser, tempo, morte... Xesús

M. Valcárcel é para nós un dos poetas galegos do noso tempo con maior capacidade para emocionar a linguaxe lírica. Iso xa é moito. Na súa poesía, a procura dos abismos do corazón segue a parecernos convincente.